



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para o 30.09.2026

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 30 de setembro de 2026 ás 14:15 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Toma de coñecemento da renuncia do cargo de concelleira do Concello de Miño que realizou dona Fátima Blanco Permuy
2. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión ordinaria do Pleno do 17.09.2026
3. Numeración da parcela con referencia catastral 4812610NJ6041S0001YB co número 14A do lugar de Bañobre, parroquia de Castro
4. Numeración da parcela con referencia catastral 15049A019000110000MD co número 2A do lugar de A Cachufeira, parroquia de Callobre
5. Numeración das parcelas con referencias catastrais 5043507NJ6054S0000RT e 5043508NJ6054S0000DT cos números 4A e 4B do lugar de Nigrofe, parroquia de Perbes
6. Anulación parcial do expediente de modificación de crédito núm. 1/2026 (2026/T002/000020)
7. Aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 2/2026 vía crédito extraordinario
8. Aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 1/2026 vía suplemento de crédito
9. Aprobación do Plan económico financeiro 2026-2027

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra